

Resolución de 01 de agosto de 2017, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas, da categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais” para traballos de Silvicultura e Sanidade Forestal, nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, pola que se convoca á realización da proba teórica e se apertura o prazo para a presentación da Formación Baremable.

En sesión que tivo lugar o día 01 de agosto de 2017, a comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas resultante do período de actualización de listas, na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais” para traballos de Silvicultura e Sanidade Forestal nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.-Candidatos convocados da lista previa.

A comisión de selección acordou convocar ó proceso selectivo aos candidatos que actualmente figuran admitidos na lista previa, na categoría de Capataz, perfil “Traballos Agroforestais” para traballos de Silvicultura e Sanidade Forestal, nos ámbitos A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra maiores de 18 anos e que non excedan a idade máxima de xubilación forzosa a data da publicación das Bases Específicas II e que figuran relacionados no Anexo I de esta acta

Segundo.- Convocar á realización da proba teórica.

De conformidade co disposto nas Bases Xerais 2.2.4.3, e nas Bases Específicas II 2.2 das que rexen o proceso, a proba teórica realizarase o **día 08 de agosto de 2017**, nas instalacións da **Escola Galega de Administración Pública** situadas na **Rúa de Madrid, nº 2 – 4, Santiago de Compostela**, en chamamento único que comezará ás **10:00 horas**.

A proba teórica consistirá na realización dun exame tipo test que se valorará ata un máximo de 20 puntos, e cunha duración máxima de 1 hora, o seu contido é o determinado nas Bases Específicas II 2.2.1.

Os candidatos serán convocados en único chamamento, sendo excluídos os que non comparezan, non sendo os casos debidamente xustificados libremente apreciados pola comisión de selección. O prazo para a presentación de xustificante será ata o día seguinte de celebración da proba. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións da comisión de selección neste punto.

A orde de actuacións dos candidatos realizarase segundo o disposto no ANEXO desta resolución, comezando alfabéticamente por aquel cuxo primeiro apelido empece pola letra “K”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Facenda do 20 de xaneiro de 2017 (DOG do 30 de xaneiro de 2017) e o disposto nas bases xerais que rexen os procesos, ao tratarse dunha proba a celebrar no ano 2017.

Non se permitirá no recinto onde se realicen a proba o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico, ou calquera outro material ou instrumento. Advírtese que non haberá servizo de recollida do referido material, instrumento ou dispositivos.

A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

Terceiro.- Inicio do prazo de presentación de documentación.

De conformidade co disposto nas Bases Específicas II apartado 1.3.2, das que rexen o proceso, acórdase a apertura do prazo de **3 días hábiles para a presentación da documentación** que se relaciona no apartado 2.3 das citadas bases (Formación Profesional Baremable) contados a partir do seguinte día hábil ao da publicación da presente resolución.

Esta documentación deberá presentarse, de luns a venres en horario de 9:00h a 14:00 horas, nas oficinas de rexistro de SEAGA sitas en:

- Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº14, 15890, Santiago de Compostela – A Coruña.
- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003, Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911, San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lgr. Cabanas - Salcedo, 54, 36143, Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

A presentación de documentación en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

O prazo de presentación de documentación finalizará o vindeiro 04 de agosto de 2017.

Santiago de Compostela, a 01 de agosto de 2017.

A Presidenta da Comisión de selección.



Asdo.- M^a Jesús Còbas Ríos.